

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**4800** *REAL DECRETO LEI 3/1999, do 26 de febreiro, sobre pagamento das indemnizacións derivadas da sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 26 de setembro de 1997, ós afectados pola síndrome tóxica. («BOE» 50, do 27-2-1999.)*

Tras producirse nos primeiros días do mes de maio de 1981 a catástrofe sanitaria coñecida como síndrome tóxica e con independencia das medidas de resposta sanitario-asistenciais que se estableceron, iniciáronse as actuacións xudiciais tendentes a esclarecer e depurar as posibles responsabilidades penais que se puidesen derivar destes feitos.

As primeiras actuacións xudiciais de investigación concluíron co sumario 129/1981 dos xulgados centrais de instrucción números 2 e 3, e posteriormente coa sentenza do 23 de abril de 1992, da Sala Segunda do Tribunal Supremo, pola que se condena a determinadas persoas físicas como responsables penais e civís do envelenamento.

Ó consideraren os afectados que non obtiveran satisfacción na súa pretensión de seren resarcidos dos danos materiais e persoais sufridos, interpuxeron denuncia perante o Xulgado Central de Instrucción número 1 co obxecto de que se investigasen as presuntas responsabilidades nas que puidesen ter incorrido determinadas persoas ó servizo da Administración do Estado, en relación coa intoxicación alimentaria. Admitida a denuncia a trámite, instruíronse dilixencias previas número 162/89, que, unha vez concluídas, se elevaron á Audiencia Nacional, órgano que, con data 24 de maio de 1996, dictou sentenza, que foi obxecto de recurso de casación ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Con data 26 de setembro de 1997, esa última instancia xudicial dictou sentenza definitiva pola que, entre outras condenas, se declara a responsabilidade civil subsidiaria do Estado no pagamento da totalidade das indemnizacións acordadas para os afectados, con determinadas deducións, que se indican na propia sentenza.

Nestes momentos estanse a última das regras e condicións que ordenarán o proceso de execución da sentenza, que concluirá coa liquidación final que determine as contías indemnizatorias individuais que lle corresponden ó Estado facer efectivas.

Agora ben, o proceso de execución da indicada sentenza presenta unha especial complexidade, derivada de factores tales como o gran número de afectados, a diversidade das situacións en que se encontra cada un deles —da que ó mesmo tempo deriva o diferente importe da indemnización que en cada caso particular debe aboarse—, e a repercusión social suscitada polas circunstancias que acompañaron ó proceso, en especial a da súa dilatada tramitación no tempo.

Como consecuencia desa complexidade, a Administración encontra dificultades para afrontar o pagamento ós interesados, coa prema que se demanda socialmente, mediante a aplicación das previsións legais reguladoras, con carácter xeral, da execución das responsabilidades civís derivadas de sentencias penais.

O presente real decreto lei ten por obxecto aprobar certas disposicións normativas, que necesariamente teñen que adoptar rango legal, relativas á autorización do aboamento das indemnizacións recoñecidas xudicialmente mediante operacións de tesourería; ó establecemento das imprescindibles previsións procedementais para a verificación e o control dos pagamentos ós afectados, e á súa posterior aplicación orzamentaria. Estas medidas pretenden dota-la Administración xeral do Estado dos medios necesarios para levar a efecto, con axilidade e eficacia, a execución da sentenza anteriormente aludida.

A utilización do instrumento normativo do real decreto lei para o establecemento das medidas precisas para a execución por parte da Administración xeral do Estado da citada resolución xudicial, encóntrase xustificada na concorrencia no presente caso das circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade esixidas polo artigo 86.1 da Constitución española. E iso porque resulta imprescindible pór en vigor, coa maior brevidade posible, as previsións legais necesarias co fin de lle dar resposta á situación a que se fixo referencia e de lle dar termo, canto antes, á longa situación de pendencia da reparación efectiva dos prexuízos sufridos por aqueles afectados.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 1999,

### DISPOÑO:

Artigo 1. *Pagamento das indemnizacións.*

O pagamento das indemnizacións a que se refire a sentenza 895/1997, do 26 de setembro, do Tribunal Supremo, será realizado pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira mediante operacións de tesourería, con cargo á conta «Pagamentos pendentes de aplicación. Indemnizacións afectados síndrome tóxica. Sentencia 895/1997».

Posteriormente á súa realización, a citada dirección xeral procederá á aplicación definitiva a orzamento dos pagamentos realizados no exercicio, agás os efectuados no mes de decembro, que se aplicarán ó orzamento do exercicio inmediato seguinte.

## Artigo 2. *Tramitación das propostas de pagamento.*

Unha vez notificados e firmes os autos que, en fase de execución de sentenza, sexan dictados pola Sala do Penal da Audiencia Nacional, o avogado do Estado comunicarllos á Oficina de Xestión de Prestacións Económicas e Sociais da Síndrome Tóxica.

Para que se poida efectuar o pagamento da forma máis inmediata posible, os interesados deberán ter achegado os datos precisos para realiza-la transferencia bancaria ou, noutro caso, ter indicado a forma alternativa de pagamento elixida dentro das previstas na normativa vixente.

Esa oficina elaborará as relacións de perceptores afectados, que incluírán os datos necesarios para a realización do pagamento a cada un deles. O subdirector xeral da oficina efectuará, de acordo cos procedementos de xestión aplicables e logo da oportuna fiscalización, as correspondentes propostas de pagamento que, xunto coas indicadas relacións, se remitirán á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para o seu pagamento ós interesados.

## Artigo 3. *Efectos da notificación do dereito de cobramento.*

A expedición e notificación conforme a lei do dereito de cobramento terá plenos efectos liberatorios para a Administración xeral do Estado. O dito dereito de cobramento quedará consignado na propia Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, e empezará a contar desde ese momento o prazo de prescrición xeral establecido no artigo 46.1.b) da Lei xeral orzamentaria.

## Artigo 4. *Información ás Cortes Xerais.*

Mensualmente, darase información ás Cortes Xerais dos pagamentos realizados por este concepto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

**6370** *LEI 5/1999, do 16 de marzo, para a concesión dun crédito extraordinario, por importe de 150.803.739 pesetas, para dar cumprimento á sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 23 de maio de 1995, relativa ó pagamento de indemnizacións derivadas de inundacións ocorridas na provincia de Cáceres. («BOE» 65, do 17-3-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia das inundacións producidas na provincia de Cáceres, por acordo do Consello de Ministros do 20 de febreiro de 1979 recoñecéronselles determinados beneficios ós afectados por estas inundacións. A empresa «Conservas del Alagón, Sociedad Anónima» —CONALSA—, solicitou o recoñecemento da correspondente subvención ó sufrir danos no seu patrimonio empresarial como consecuencia das mencionadas inundacións.

Esta pretensión foi desestimada polo ministro do Interior, desestimación pola súa vez confirmada pola sentenza, do 20 de outubro de 1990, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional. Contra esta sentenza interpuxo recurso de apelación a parte demandante.

A sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 23 de maio de 1995, recoñeceu á empresa CONALSA, en resolución do anterior recurso, o dereito a percibir as subvencións recoñecidas no acordo do Consello de Ministros do 20 de febreiro de 1979, na contía que se determine en execución de sentenza.

Por iso, dado que non existe crédito suficiente nos orzamentos xerais do Estado para 1998 para facer fronte ó pagamento destas indemnizacións, resulta necesario conceder un crédito extraordinario na Sección 16 «Ministerio do Interior» para proceder ó cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo, crédito que se concede co carácter de ampliable, co fin de atender o pagamento de xuros que, se é o caso, puidesen producirse sobre os xa calculados.

O crédito extraordinario tramítase de acordo co Consello de Estado e logo de informe da Dirección Xeral de Orzamentos.

## Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario por importe de 150.803.739 pesetas para atender o cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo, do 23 de maio de 1995, na Sección 16 «Ministerio do Interior», Servicio 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais», Programa 223 A «Protección Civil», concepto 771 «Transferencias de capital a empresas privadas. Para dar cumprimento á sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo do 23 de maio de 1995 sobre indemnizacións á empresa CONALSA».

## Artigo 2. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior consígnase con carácter de ampliable coa finalidade de atender os xuros que se produzan, en exceso sobre os xa calculados, como consecuencia do momento en que se efectúe o pagamento.

A autorización das ampliacións de crédito corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda.

## Artigo 3. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario recollido no artigo 1 financiarase con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.